



ACTA DE REUNIÓN

NOME DO CONSELLO SECTORIAL: Deporte.

Nº de acta: 2/2017

Lugar da reunión: Sala de reunións da antiga Axudantía.

Data: 5/10/2017

Hora: 20:20h.

Están presentes as seguintes persoas e/ou entidades:

Óscar Benito Portela, alcalde de Sada,

Zeltia García Ben, concelleira de Deportes,

Juan Devesa, técnico de Deportes do Concello de Sada,

Ana Lucía González, en representación do Club Salvamento Sada.

José A. Rilo Rilo e Manuel Babío Fernández, en representación do Carnoedo Club de Fútbol,

Jaime A. Paz Loureiro, en representación da Asociación Cultural Mariñeira Os Patexeiros,

Marta García, en representación de Natural Sport Sada,

e actúa como secretaria, Tamara Rubiños Varela, do equipo técnico de Deloga S.L.

Trátase a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1. Posibilidade de aloxamento para actividades deportivas.
2. Varios
3. Puntos a tratar na seguinte reunión.

1. Posibilidade de aloxamento para actividades deportivas.

Exponse a insuficiencia de opcións de aloxamento, tanto privadas como públicas, no concello de Sada. Segundo o alcalde, a importancia do tema vese reflectida polo feito de que, nalgunhas ocasións, en Sada non se fagan importantes encontros deportivos por non haber abonda prazas de aloxamento. Ademais, opínase que sempre que se destinan fondos públicos a actividades deportivas é interesante tamén que iso reverta no pobo, sen embargo, pola carencia de aloxamento de iniciativa privada isto non repercute todo o desexable.



Exponse a idea de que equipos ou entidades deportivas que veñen de fora poidan ter a posibilidade de aloxarse no albergue. Con respecto a isto, no verán é complicado, xa que está en uso. No inverno, sen embargo, podería ser utilizado, pero necesitaría doutros recursos como calefacción, catering, etc.

2. Varios

Proponse o 24 de febreiro como data para Gala do Deporte o sábado 24 de febreiro, a celebrar na Casa da Cultura. Discútese os criterios para a selección das persoas premiadas: por exemplo, valórase se teñen que residir en Sada, ou soamente adestrar neste concello por un certo tempo; se se escollen por votación, mediante as redes sociais ou por xurado, e neste último caso, que persoas serían escollidas para presidir este xurado. Sobre estas alternativas, a concelleira manifesta que a dúbida está tamén fundamentada en que en canto aos premios a “deportistas de Sada”, unha persoa non empadroada en Sada, non debería poder levar un premio en Sada, máis tamén no seu lugar de residencia. Enviaírase, por correo electrónico, o borrador das bases de premios, ás persoas e entidades que forman parte deste Consello, por se desexan formularse propostas de modificación.

Con respecto ás subvencións municipais de Deporte, aínda que as bases deste ano xa foron acordadas, convidábase a que se fagan propostas de modificación que poidan supoñer algunha mellora para os vindeiros anos. En canto á subvención para deportistas individuais, presentáronse 16 persoas e os fondos repártense entre todas estas (que cumpran cos requisitos das bases). No próximo ano está previsto que haxa unha maior cantidade económica con esta finalidade, así como tamén para as axudas a clubs. Infórmase que as solicitudes de axudas para clubs xa foron revisadas e está pendente o informe de Intervención do Concello, e posteriormente se publicarán no BOP.

Por outra parte, fálase do pavillón deportivo. Dende o Concello infórmase que se realizou un estudo xeotécnico deste, e se está a estudar o que sería necesario para arranxalo. Non hai indicios de ningún problema estrutural e non hai problemas de derrube, sen embargo a pista central está en mal estado. O seu arranxo sería un proxecto grande, e exponse a forma na que este podería levarse a cabo. En relación ao pavillón, hai consonancia en considerar necesaria a figura de conserxe, aínda que sexa só a media xornada. Dende o Concello infórmase da imposibilidade de contratación de persoal, e que podería ser un tema a tratar coa empresa concesionaria do pavillón. Infórmase tamén que está solicitada unha axuda para a climatización da piscina.

Dende a Concellería de Deporte solicítase ás persoas presentes que lle sexan remitidos os calendarios das actividades dos diferentes clubs e asociacións representadas, para ter conta destas. Tamén se ofrece a posibilidade de facer difusión, polos medios do Concello, de campionatos importantes, de eventos no que participe o Concello ou, por exemplo, dos logros deportivos dalgún dos deportistas dos clubs, etc.

Infórmase tamén da intervención de recheo na praia de Sada.

Xurde a idea de realizar algunha actividade pensada para dar a coñecer a oferta deportiva dos clubs de Sada.

3. Puntos a tratar na seguinte reunión.

- Valoración de mellora do campo de fútbol de Carnoedo. Presentación dunha memoria valorada.
- Presentación da memoria sobre as obras no pavillón.



Acórdase que a próxima reunión se celebrará o 18 de xaneiro ás 20:00h.

Remata a reunión sendo as 21:40h.